

CP-05

COMUNICACIÓN PREVIA PARA INICIO DE OBRAS MENORES

DATOS DO/A SOLICITANTE	DATOS DO NOVO SOLICITANTE			DNI/CIF
	DATOS DO SEU REPRESENTANTE			DNI/CIF
	Enderezo para efectos de notificación			Concello
	Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2	E-mail

SOLICITUDE	Expoño			
	que desexo realizar en <i>(indíquese a situación da obra)</i>		Referencia catastral	cun orzamento de €
	as obras que se detallan a seguir (xunto co seu orzamento de referencia segundo o custo orientativo das unidades de obra)			
	Unidade	Uso	Medición	Orzamento referencia
De acordo co anterior,				
<p>DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que achego toda a documentación preceptiva, que é certo o que manifesto, e, en todo caso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar. - Que as obras solicitadas non afectan ao volume da edificación, nin á súa estrutura. - Que as obras se limitan á substitución dos elementos en mal estado por outros novos de iguais ou similares características. - Que non se afecta a estrutura do inmovible nin ás súas instalacións ou elementos comúns, nin á distribución interior das vivendas nin ás condicións de habitabilidade. - Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos. - Que se respectarán as normas de boa construción, convivencia cidadá e respecto polo descanso dos veciños. - Que as obras non afectan a elementos catalogados nin están suxeitas ao deber previo de obtención de licenza. - Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias. 				
<p>COMUNICO que iniciarei as obras a partires do día(A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles) cun prazo de execución de.....</p>				

AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da obra a executar.

ADVIRTESELE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común *a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.*

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación

Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ferrol. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.

DOCUMENTACIÓN
A PRESENTAR

- Impreso CP-05 de comunicación previa para inicio de obras menores** onde se describirán as obras que se pretende realizar, indicando o enderezo das mesmas, con especificación da superficie, dimensións, indicación de materiais e, con carácter xeral, dos elementos que xustifiquen o orzamento que se propón para a realización das obras.
- Datos identificativos do solicitante:**
 - Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda.
- Cartas de pagamento da autoliquidación provisional:** serán confeccionadas no momento de presentación da comunicación previa polo Rexistro de Urbanismo (Edificio de Urbanismo, 3º andar) en base aos datos sobre orzamentos proporcionados polo solicitante, debendo ser asinada copia ou ben xustificante de recepción pola persoa que presente a comunicación que asinará en representación do solicitante.
As cartas de pagamento poderánlle ser notificadas ao solicitante por medio de correo electrónico que se faga constar no modelo normalizado de solicitude.
- Plano de situación da obra en cartografía oficial** que será proporcionado polo particular solicitante se o posúe ou ben proporcionado polo Concello a través dos servizos de deliñación (Edificio de Urbanismo, 4º andar).
- Reportaxe fotográfica da fachada da edificación e da zona da obra.**
- Nos casos de presentar documentación técnica:** Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- Autorizacións preceptivas e concesións administrativas** que fosen precisas.

Son obras menores, caracterizadas pola súa escasa entidade económica e pola súa sinxeleza técnica que lles exime da necesidade de documentación técnica, dirixidas á simple reparación, decoración, ou mantemento e limpeza. Inclúense neste concepto as obras enumeradas na seguinte relación:

1. Mantemento de partes non edificables de parcelas e solares:
 - 1.a. Limpeza e roza interior de parcelas e solares, sen movementos de terras nin tala de arboredo
 - 1.b. Reparación de peches de parcelas sen afeccións estruturais.

2. Mantemento de fachadas dos edificios:
 - 2.a. Reparación e substitucións de elementos auxiliares da cuberta (canlóns, baixantes e varandas), sen afectar a elementos estruturais da cuberta, Incluindo vigas e viguetas.
 - 2.b. Limpeza e pintado de fachadas.
 - 2.c. Cambio de carpintería exterior, persianas, varandas ou similares, (no caso de querer modificar o modelo característico de carpinterías do edificio, deberá achegar o novo modelo aprobado pola comunidade de propietarios que se utilizará en todas as substitucións posteriores).
 - 2.d. Obras de reparación, pintura e impermeabilización de terrazas ou patios dos edificios

3. Mantemento de cubertas dos edificios:
 - 3.a. Substitución puntual de material de cubertas ou terrazas (sen afectar a elementos estruturais da cuberta, Incluindo vigas e viguetas).

4. Mantemento e actualizacións das instalacións dos edificios:
 - 4.a. Substitucións de instalacións privativas de vivenda ou local (auga, gas, electricidade, desaugadoiro ou similar)
 - 4.b. Novas instalacións non encaixadas en elementos estruturais (vigas, piares, paredes mestras, etc.)
 - 4.c. Mantemento de instalacións comúns do edificio (ascensor, caldeiras, etc.)

5. Mantemento dos acabados interiores dos edificios:
 - 5.a. En paredes, solos e falsos teitos.
 - 5.b. Reformas en coziñas ou baños que non modifiquen as divisións interiores.

O resto das obras menores estarán suxeitas a licenza de obras previa.

As obras relacionadas que afecten ao patrimonio histórico-artístico estarán suxeitas ao deber de obtención de previa licenza municipal.

DATA E SIGNATURA		Sinatura do/a solicitante
	Data da solicitude	
	Código da solicitude CP-05	

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL